

A Fisterra do Tesouro

- “O máis sedutor é a forma na que esa Galiza fantasmal vibra no medio dunha das grandes narracións da cultura occidental”.

-“Ese espazo historicamente marxinado cobra unha grande importancia na novela, e podemos afirmar que o máis sedutor da súa proposta é a forma na que esa Galiza fantasmal vibra no medio dunha das grandes narracións da cultura occidental”.

-“Como non podía ser menos nun país que segue a espreguizarse (...), a trama está chea de chiscadelas á nosa contemporaneidade, moitas delas introducidas dunha forma tan sutil que non deixan de ser un convite ás persoas atentas para acompañar a lectura co xogo de referencias proposto polo autor”.

-“Deixando de lado esa representación tan ben documentada dunha Galicia histórica, que o aproximaría a outras categorías (...), boa parte de Costa do Solpor responde a ese xénero oscilante chamado novela de aventuras (...). Sen dúbida, esta herdanza da literatura doutras épocas marca tamén unha parte do ritmo da novela, onde unha acción trepidante aparece intercalada con momentos nos que as explicacións e descricións se demoran sen couto. O transcurso da trama cae en certos abusos do inverosímil (...), formulando situacións que precisan dunha xustificación que en ocasións renxe un pouco e non acaba de convencer na súa resolución. Outros xogos, como a presentación do texto como unha tradución dun manuscrito histórico, permiten ao autor unha intervención nas notas ao pé de páxina que consegue dar moita cor á situación formulada, pois engádelle a suposta percepción estranxeira dos mariñeiros ingleses perdidos na Galiza”.

(Mario Regueira, *Sermos Galiza*, 17-5-2013, p. 26)